



A APDR INDIGNADA COAS DECLARACIÓNS DO CONSELLEIRO DELEGADO DE ENCE

As recentes declaracións do Sr. Ignacio de Colmenares, conselleiro delegado do grupo ENCE, nas que afirma que “ENCE está moi ben onde está e que polo tanto desde a empresa non están a buscar ningún emprazamento alternativo”, non só constitúen unha falta de respecto cara á cidadanía de Pontevedra –que ten sufrido máis de cincuenta anos de agresións ao medio ambiente, á economía e á calidade de vida pola presenza de ENCE e ELNOSA en Lourizán- senón tamén unha desautorización ao goberno da Xunta de Galicia que di manter conversas fluídas coa dirección de ENCE para adiantar a súa marcha do seu actual emprazamento. Neste sentido, e como primeira medida, a Xunta de Galicia debera ter desautorizado xa ao citado conselleiro e deixar claro que nin ENCE nin ELNOSA poderán continuar na nosa Ría máis alá do 2018, adoptando ao tempo as medidas oportunas para que esta saída, que xa todo o mundo admite como indispensábel cando se fala da recuperación da Ría e da posta en práctica dun modelo económico sustentábel baseado na explotación racional dos recursos marisqueiros, pesqueiros, forestais e turísticos, se adiante no tempo. Do contrario, confirmárase unha vez máis o absoluto sometemento do goberno galego aos intereses empresariais, unha situación que vimos denunciando desde hai tempo e que tivo unha clara concreción na concesión polo bipartito das AAI a ámbalas dúas empresas.

Para a APDR é absolutamente imprescindible que a administración acometa o problema dun xeito decidido, que deixe de admitir chantaxes do grupo ENCE e que dirixa de forma nidia un proceso que ata agora estivo sempre nas mans da dirección de ENCE e ELNOSA, dúas empresas que seguen incumprindo boa parte da lexislación ambiental.

Porque ENCE e ELNOSA seguen incumprindo a lexislación en materia de vertidos á Ría ao superar de forma importante os parámetros fixados na Lei de augas residuais urbanas (de obrigado cumprimento ao verter polo emisario submarino xunto coas augas urbanas) e a Lei de augas de Galicia, que impide que estas empresas poidan verter mercurio e cadmio á ría como o están a facer na actualidade. E, tal e como vimos denunciando desde a súa concesión hai agora 3 anos, as Autorizacións Ambientais Integradas (AAI) de ENCE e ELNOSA son ilegais; permiten, en efecto, que ámbalas dúas empresas contaminen por riba do fixado na lexislación para parámetros como a DBO, DQO, sólidos en suspensión e Fósforo, o que supón un evidente problema para a explotación racional dos recursos marisqueiros e pesqueiros.

Por eso desde a APDR vimos esixindo que agora que remata o prazo de concesión das AAI, a Xunta de Galicia non conceda a renovación dunhas autorizacións que resultan ilegais, un aspecto fundamental da nova campaña contra a presenza do complexo en Lourizán que comeza mañá VENRES 27 cunha CEA DE SIMPATIZANTES no Parador de Pontevedra e que culminará coa nova Marcha contra CELULOSAS do vindeiro 11 de Xuño con saída ás 19:30 horas das alamedas de Marín e Pontevedra.

Pontevedra, 26 de maio de 2011

Pola Xunta Directiva da APDR, Antón Masa.